

CALENDARIO LABORAL E HORARIO DE TRABALLO PARA O ANO 2023

De conformidade co establecido no Decreto 139/2022, do 21 de xullo, da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 5 de agosto de 2022) polo que se determina o calendario laboral do ano 2023, as festas da Comunidade Autónoma de Galicia, de carácter retribuído e non recuperable, serán as seguintes:

6 de xaneiro	Epifanía do Señor (Día de Reis)
6 de abril	Xoves Santo
7 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción da Virxe
12 de outubro	Festa Nacional de España
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución Española
8 de decembro	Inmaculada Concepción
25 de decembro	Natividade do Señor

Segundo o calendario laboral elaborado pola Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellería de Emprego e Igualdade do 24 de outubro de 2022 (DOG do 7 de novembro de 2022), as festas de **carácter local**, inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables para o ano 2023, son:

CONCELLO DA CORUÑA:	21 de febreiro: Martes de Entroido 24 de xuño: Festa de San Xoán
CONCELLO DE FERROL:	21 de febreiro: Martes de Entroido 10 de abril: Luns de Pascua/Nosa Señora do Chamorro
CONCELLO DE OLEIROS:	21 de febreiro: Martes de Entroido 10 de abril: Luns de Pascua

Segundo o disposto na instrución Décimo cuarta 4 da Resolución do 24 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas (DOG do 4 de marzo de 2016), modificada pola Resolución do 7 de febreiro de 2017, e na Resolución da Xerencia da UDC do 30 de xaneiro de 2019, os días **24 e 31 de decembro** todas as oficinas públicas da UDC permanecerán pechadas, agás os servizos de información e rexistro.

Así mesmo, o **día da inauguración do curso académico** (cando a súa celebración coincida na UDC, no caso contrario engadirase un día adicional aos asuntos particulares) e o **día da Universidade**, que en 2023 será o **27 de xaneiro**, son inhábiles para efectos lectivos e laborais. Así mesmo terá a condición de non laborable para o persoal destinado nos centros, o día do patrón.

HORARIO DE TRABALLO (de luns a venres)

Resolución pola que se modifica o Texto consolidado da Resolución do 30 de xaneiro de 2019 pola que se regula a xornada, o horario de traballo, as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña, ao abeiro do Acordo asinado coa Xunta de PAS para a modificación das condicións de traballo do PAS e do Acordo de prestación de servizos na modalidade de teletraballo.

https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2022/012443/document?logicalId=dec5a194-fb26-4b73-803c-e78e3f7aeec6&documentCsv=LN6LPT9O57ON8L26RL2QCLNI

A Coruña, 23 de decembro de 2022

O xerente

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	LJpbocUC+GUNxUfcEf+qcg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	23/12/2022 13:34:41
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/LJpbocUC+GUNxUfcEf+qcg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

